# Axudas a alumnado universitario que por causas sobrevidas e imprevistas teña dificultades económicas para continuar estudos

## Normativa

**Orde do 4 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas destinadas ao alumnado do Sistema universitario de Galicia que, por causas sobrevidas e imprevistas ocorridas ao longo do curso académico 2017/18, teña dificultades económicas para continuar estudos**.(DOG nº 26 do 6/02/2018) **ED433A**.

## Obxecto:

Convocar axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios conducentes ao título de graduado, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, no curso académico 2017/18, nas universidades do Sistema universitario de Galicia, cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada por causas sobrevidas e imprevistas que lles impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.

## Requisitos dos/as solicitantes

a. Necesidade urxente de recursos económicos para paliar a situación de emerxencia derivada dunha causa sobrevida e imprevista (orfandade absoluta; situación de desemprego, falecemento, falta de pagamento acreditada por denuncia ou sentenza de pensións alimenticias nos casos de separación ou divorcio, enfermidade grave, recoñecemento de incapacidade permanente absoluta para todo traballo dalgún dos sustentadores principais da unidade familiar; vítimas de violencia de xénero; vítimas de actos terroristas e outras circunstancias non recollidas que, sendo debidamente acreditadas, repercutan na situación socioeconómica familiar).
b. Que a situación sobrevida e imprevista acontecese durante o actual curso académico 2017/18. Entenderase por curso académico o comprendido entre o 1 de setembro de 2017 e o 30 de xuño de 2018.
c. Estar matriculado, no curso académico 2017/18, como mínimo en 50 créditos, en estudos universitarios conducentes a unha titulación de grao, en calquera das universidades do Sistema universitario de Galicia, agás o alumnado a que lle reste un número inferior de créditos para rematar os seus estudos que deberá de estar matriculado como mínimo de 30 créditos.
d. Que a renda per cápita da unidade familiar non sexa superior ao **importe anual da PNC** para o ano 2018, multiplicada por 1,50 (7.767,9 euros anuais).
e. Non ter percibido esta axuda con anterioridade.

## Contía

Para determinar a contía da axuda que se lle concederá a cada solicitante, a comisión avaliadora, examinada a documentación presentada, terá en conta como criterios de distribución os seguintes limiares de renda per cápita:

| **Limiares de renda** | **Contía da axuda** |
|---|---|
| Ata 5.000 € | 2.750 € |
| De 5.001 € a 5.700 € | 2.250 € |
| De 5.701 € a 6.400 € | 1.750 € |
| De 6.401 € ao importe da PNC individual para o ano 2018 x 1,5 (7.767,9 €) | 1.500 € |

## Documentación:

**Solicitude (anexo I, ED433A)** | **Presentación electrónica na sede** (8/2/2018)

a. **Comprobación de datos dos membros da unidade familiar distintos da persoa solicitante (Anexo II)**
b. Xustificación da causa sobrevida e imprevista en que fundamenta a petición da axuda para o cal presentará todos os documentos que a proben.
c. **Informe do/a traballador/a social do concello en que estea empadroado/a o/a solicitante** que recolla a causa sobrevida e imprevista, así como a situación socioeconómica da unidade familiar, anterior e posterior á causa, que motive a necesidade urxente de recursos económicos. *("É preceptivo emitir informe social cando así se estableza nunha norma, sexa cal sexa o seu rango normativo"***Directrices para a emisión de Informes Sociais**)
d. Informe de vida laboral, actualizado á data da publicación desta orde, de cada un dos/as membros computables da unidade familiar.

e. Certificado de convivencia emitido polo concello de todos/as os/as membros que compoñan a unidade familiar que residan co solicitante no domicilio habitual actualizado á data da publicación desta orde.
f. Documentación acreditativa dos ingresos ou rendas da unidade familiar durante o ano 2017 e dos ingresos ou rendas mensuais de cada un dos membros da unidade familiar durante o ano 2018.
g. Cando a persoa solicitante alegue a súa independencia familiar e económica, deberá de presentar a documentación xustificativa de ter domicilio en propiedade ou en aluguer e de dispoñer dos medios económicos suficientes para facer fronte aos seus gastos.
h. Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito no caso de actuar por medio de representante

## Prazo de presentación das solicitudes:

- Se a causa sobrevida e imprevista aconteceu con anterioridade á publicación da orde, o prazo será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da orde no DOG: até o 6 de marzo de 2018.
- Se a causa sobrevida e imprevista acontece con posterioridade á publicación da orde, o prazo será dun mes desde que aconteceu a causa sobrevida sendo, nestes casos, a data límite para a presentación das solicitudes o 31 de xullo de 2018, sen prexuízo do sinalado no artigo 3.b).

Imprimir